



# Lecturas

## I Encontro sobre a lectura como ferramenta transformadora coas comunidades

# de Coidado

20 / 21 xaneiro 2024  
Hospital Psiquiátrico de Conxo  
(Santiago de Compostela)

## Lecturas

I Encuentro sobre la lectura como herramienta transformadora con las comunidades

## de Cuidado

Convocamos o I ENCONTRO SOBRE A LECTURA E OS COIDADOS no Hospital Psiquiátrico de Conxo en Santiago de Compostela. No lugar onde aínda ecoa o lema reivindicativo dos setenta “Conxo Capital da Movidia Mental”, no barrio santiagués e antigo concello onde naceu Rosalía, abriremos un diálogo sobre a lectura, o patrimonio e os coidados co obxectivo de atopar un repertorio

de ferramentas lectoras que transformen as comunidades. Nestes intres, cando precisamos recuperar a lectura atenta para activar a diminuída capacidade crítica, escollemos coidadosamente as lecturas contra a reacción e as violencias. Entón, ler polas rúas ou polos camiños, ler os clásicos ou as novidades, ler nas bibliotecas, nos hospitais, nas escolas, ao aire libre, en baixo ou

en alto, ler tamén para outros que non poden ler; é tarefa urxente para protexer e reivindicar os dereitos e as liberdades colectivas. Coidar o modo en que lemos é o motivo central para encontrarnos nas primeiras “Lecturas de Coidado”, as que convocamos a persoas interesadas na lectura como ferramenta de cambio comunitario. Acreditamos que ler fortemente é condición

indispensable para a resistencia. Agardamos participalo durante dúas xornadas de actividades onde escoitaremos intervencións desde eidos tan diversos como a literatura, a medicina, a arteterapia, a biblioteconomía, a pedagogía e a intervención social.

FUNDACIÓN UXÍO NOVONEYRA



Violenta como unha bandeira  
un abismo de lume  
e así me compoño  
letra a letra ao infinito  
para que alguén me lea  
pero que ninguén aprenda nada  
porque a vida é un grolo, e grolo  
de vida as follas brancas  
desmesura da alma.

*Violenta como una bandera,  
un abismo de fuego,  
y así me compongo  
letra a letra a lo infinito  
para que alguien me lea  
pero que nadie aprenda nada  
porque la vida es un sorbo, y sorbo  
de vida las hojas blancas  
desmesura del alma.*

ALDA MERINI



## SÁBADO 20 DE XANEIRO

**10.00h. VISITA AO PATRIMONIO INVISIBLE DO PSIQUIÁTRICO DE CONXO** con LEO GONZALEZ por cortesía de TRIVIUM.

**11.00h. PERFORMANCE**  
"CINGUIR O LINDE, PERDER A TESTA, CREBAR O CORAZÓN".

• NEVES SEARA é artista e performer dende hai 20 anos, leva reivindicando aspectos con perspectiva de xénero e de saúde mental e física dende os inicios da súa traxectoria. Desenvolveu numerosas pezas artísticas feministas, performances contra a violencia de xénero e forma parte do colectivo TecEndo, artistas con endometriose, onde expón as diversas cuestións relacionadas con esta enfermidade. Así mesmo formouse en arte terapia e acompañamento do trauma entre outras formacións e fai un traballo de ensinanzas creativas tamén dende fai moitos anos acompañando a diversas persoas nos seus procesos emocionais, mentais e físicos.

**12.00h. INAUGURACIÓN** con responsables das entidades implicadas na organización e o financiamento do encontro.

**12.30h PAUSA-CAFÉ.**

**13.00h. Conferencia / "ESTA ESPERA FERROZ".**

"Quixéramos pedirllas que sobrevivir non sexa resignación, senón esta espera feroz ata que poidan vivir", con estas palabras dirixíase en 2019 o colectivo de ficción Un pé no estribo, formado por persoas moi anciás, ás xeracións que lles seguirán. Desde que o escribiron cada vez parece máis urxente atender a aquel verso de César Vallejo: "o momento máis grave da miña vida non chegou aínda" para dicir que hoxe o momento máis grave das nosas vidas si chegou, vivimos nel, e aínda que non sempre se poida elixir o ánimo, quizá xa non nos quede tempo para o tempo da melancolía.

BELÉN GOPEGUI posúe unha ampla produción literaria fiada ao compromiso político. No ano 1993 a editorial Anagrama tirou do prelo a novela *La escala de los mapas* coa que acadou o Premio Tigre Juan e o Premio Iberoamericano Santiago del Nuevo Extremo. Seguiron: *Tocarnos la cara*, *La conquista del aire*, *El lado frío de la almohada*, *Deseo de ser punk*, *El comité de la noche*, *Quédate este día y esta noche conmigo* e *Ella pisó la luna*. O seu último libro publicado El Murmullo é un ensaio non académico onde analiza a literatura de autoaxuda coma ficción.

**16.00h. Mesa // "LECTURA, PATRIMONIO E COIDADOS".**

• QUIQUE ALVARELLOS. Escritor, xornalista e editor. Director de Alvarellos Editora.

• LEO GONZALEZ PÉREZ. Coordinador de proxectos de TRIVIUM.

• RAMÓN AREA CARRACEDO. Psiquiatra. Coordinador do Hospital Psiquiátrico de Conxo.

• LIANA VELLA. Docente experta en Antropoloxía Teatral, Medical Humanities, Arte e Saúde.

• MARÍA SÁNCHEZ. Veterinaria e escritora.

• Modera: BRANCA NOVONEYRA.



## DOMINGO 21 DE XANEIRO

**10.30h Mesa / "LECTURA COMO FERRAMENTA DE INTERVENCIÓN COAS COMUNIDADES".**

• JESÚS SUEIRO JUSTEL. Médico de familia. Portavoz da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria.

• YOLANDA SANMARTÍN REINOSO. Bibliotecaria do complexo Hospitalario Universitario de Vigo. SERGAS-Bibliosaúde.

• CARINA MOREIRA. Mediadora do 'Bookpower. Biblioterapia con Mulleres en Risco de Exclusión' co Espacio Rojo.

• NURIA GARCÍA GONZALO. Terapeuta ocupacional do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol.

• CARLOS MARTÍNEZ UZAL. Coordinador de Itinera. Voluntarios en Saúde Mental.  
Modera: LIANA VELLA.

**12.30h. Pausa-Café.**

**13.00h. Recital poético // "POESÍA DE COIDADADO"** con MARÍA SÁNCHEZ, JAUME COLL, ANTÓN LOPO, UXUE ALBERDI e EÑAUT ELORRIETA.

• MARÍA SÁNCHEZ (Córdoba, 1989) é veterinaria e escritora. Traballa con razas autóctonas en perigo de extinción. É autora dos libros *Caderno de Campo*, *Terra de mulleres*, unha mirada íntima e familiar ao mundo rural, con traducións ao francés, alemán e inglés; e *Almáciga*, un semilleiro de palabras dos nosos medios rurais que ten continuidade en formato virtual.

• JAUME COLL MARINÉ (Muntanyola, 1989) é un escritor e músico. Publicou os libros de poemas *Quanta agua clara als ulls de la veïna* (2014) e *Un arbre molt alt* (2018). É baixista do grupo Obeses. Forma parte dos consellos editoriais de Reduccions e de La Lectora.

• ANTÓN LOPO (Monforte, 1961) é un autor que se move nos límites porosos da poesía, sexa na súa dimensión de performer, de poeta, novelista, periodista ou investigador. Actualmente dirixe Chan da Pólvora, selo especializado en poesía, e Batiscafo, ideado para a difusión dos poetas de Galicia no exterior. Desde hai seis anos está ao fronte do equipo que desenvolve en Compostela o festival *Alguén que respira!*. Entre os seus poemarios figuran *Pronomes* (1998), *Fálame* (2004) ou *Corpo* (2018). Na narración publicou obras singulares dentro do xénero fantástico e de ciencia-ficción, como *Ganga* (2000) ou *Obediencia* (2010). A súa novela máis recente, *Extraordinario* (2018), obtivo o Premio da Crítica Española. Dos seus traballos performativos sobresaen *O outro extremo do paraíso* (1998) e *Lob\*s* (1999), xunto a Ana Romani, *Prestidixitador* (2000), *Accións* (2004), *Dentro* (2005) ou *Lampíricos* (2013), que levou durante varios anos a museos, galerías, bosques, igrexas e casas abandonadas. No ámbito da literatura documental, publicou, entre outros volumes, *A distancia do lobo*, sobre Uxío Novoneyra, e *O amigo de Caín*, achegamento á personalidade do escultor Arturo Baltar.



• UXUE ALBERDI (1984, Elgoibar, Gipuzkoa) É escritora e bertsolari. Escribe e improvisa en euskera. Autora de novelas como *O xogo das cadeiras* e *Jenisjoplin*, libros de relatos (*Euli-xiro*), ensaio (*Reverso*), crónica literaria (*La trastienda*) y literatura infantil (*Cando sexades pequenos*), varios dos seus traballos parten de exercicios de escoita. Recibiu o premio Euskadi de Literatura en dúas ocasións. Os seus libros traducíronse ao castelán, catalán, galego, italiano e inglés. É letrista e colabora habitual do compositor e cantante Eñaut Elorrieta.

• EÑAUT ELORRIETA (1975, Gernika, Bizkaia) recoñecido compositor e cantante en euskera. Foi fundador e a voz do grupo Ken Zazpi. Desde 2013 está inmerso na súa carreira en solitario e publicou catro álbumes (*Deserriko kantak*, *Irteera arxiak*, *Harian* e *Fantasia*). Colaborou coa Orquesta Sinfónica de Euskadi e coas pianistas Katia e Marielle Labeque en varias ocasións. Musicou poemas de varios autores en euskera (Uxue Alberdi, Joseba Sarrionandia, Gabriel Aresti...), catalán, castelán e portugués (Joan Olivér, Miguel Hernandez...).

## QUERES ASISTIR ÁS "LECTURAS DE COIDADADO"?

Escribenos ao correo [lecturas@uxionovoneyra.com](mailto:lecturas@uxionovoneyra.com) cos seguintes datos: nome, enderezo, teléfono e correo electrónico.

A actividade é de balde. Adxudicamos as prazas por rigurosa orde de inscrición e confirmamos a reserva de praza por correo electrónico. Pechamos o **prazo de inscrición o 15 de xaneiro**.

O aforo do encontro é **limitado a 75 persoas** agás o recital "POESÍA DE COIDADADO" que celebraremos o **domingo 20 ás 13.00h** na Praza de Aurelio Aguirre. No caso de climatoloxía adversa trasladaremos a actividade ao interior do complexo hospitalario.

Se precisas ampliar a información sobre o encontro contáctanos no teléfono: **+34 659 888 709** ou escribenos ao correo: [lecturas@uxionovoneyra.com](mailto:lecturas@uxionovoneyra.com)